

PREGADE A DEUS POLAS ALMAS DOS NOSOS VECIÑOS

IX.

Vanessa sabía que non debía atender aquela chamada concreta do móbil aínda que, por outra banda, tampouco había alternativas máis estimulantes. Recoñecera O número sen identificación como o do bar do losu porque só unha única persoa podía ter esa desvergonza de chamar a un móbil desde ese teléfono concreto, e contestara mentres un dos supervisores estaba a botarlle a milésima rifa por calquera parvada, o que seguramente lle engadira unha nova man de puntos negativos no seu expediente, pero se chamaba o seu socio todo se daba por bo. Luigi, ademais de gorrón sistemático no gasto das telecomunicacións, era como eses diabiños dos debuxos animados que se acomodan no ombreiro da pecadora ou pecador potencial e están a comerlle o oído con ideas que non soportarían unha análise ponderada da súa idoneidade pero que, explicadas con aquel ton entre entusiasmado e insistente, eran acollidas como a posibilidade máis beneficiosa.

Non era para menos. A ocorrencia de regresar á súa aldea fora unha completa parvada. Seus pais non estaban moi convencidos das súas intencións e parecía claro que non compartirían nin un chisquiño do cheque pola morte de Carlos. Falaron da importancia de reservar ese diñeiro para tempos peores, ou do doloroso que era un mínimo comentario referente a esa cantidade como substitutivo do seu pobre irmán (extremo que sospeitaba non tiveran en conta no momento de reformar a casa), incluso da propia imposibilidade de dispor de cantidade algunha en efectivo durante ao menos un

par de anos pois os cartos foran investidos nun misterioso produto financeiro a longo prazo que penalizaba ese tipo de accións. Escusas e máis escusas que en realidade deixaban sentado o axioma fundamental: que se esquecese de sacar algo en limpo naquela casa. Nin podería contar sequera co coche que levaba e traía a aquel rapaz e que agora acumulaba po nun curruncho do galpón na súa forma accidentada. Nos seus cálculos máis optimistas, contara en quedarse con el e reparalo deixando a factura a deber a Pucho, o chapista e vello amigo da infancia, pero, pasados os días, chegara á demoledora conclusión que, se quería desprazarse, debería ir a pé ou usando as irregulares liñas de bus da parroquia. Con todo, a resposta neses primeiros momentos foi ese *ok* de imitación ianqui que adoitaba fungar entre os xiros na boca dunha goma de mascar sobreutilizada. Tal e como estaban as cousas que deixara atrás, con débedas tan insistentemente reclamadas a todas horas, e a víbora da Trini, outra das habituais do bar de losu, repetindo que se a pillaba ía cruzarlle a cara cunha botella rota, semellaba unha excelente idea permanecer unha temporiña en casa de seus pais. Ao fin e ao cabo, aquel era un sitio tranquilo no que non adoitaba pasar nada (o do San Xacobe do ano anterior consideráboo unha excepción inaudita) e durante o tempo que por alí estivese garantíase teito e tres comidas diarias. Que seus pais esqueceran mercarlle mobles novos como fixeran co resto da casa e non amosasen a menor intención de corrixir o erro era un detallíño perdoable. Súa nai cociñaba moi ben e estaba segura que incluso gañaría algúns necesarios quiliños, pois os seus costumes habituais de dieta e horarios a levaran a estar esquelética.

O que se esquecera de incluír nese razoamento era que na súa casa a falta de actividade era contemplada co mesmo nivel de rexeitamento que a

aplicación de torturas refinadas a un gatiño de angora. Ao par de días do que ela interpretara como merecido período de relax empezaran a teimar sen disimulo coa necesidade de que fixese algo de proveito e antes de rematar a semana chegaralle o primeiro aviso de que pasara a falar co subnormal do seu tío Raúl.

Desde ben cativiña odiaba ao hipócrita do irmán da nai, e estaba segura que esa antipatía era recíproca. Nel vía a alguén capaz de vender aos seus propios fillos pola menor posibilidade de poder, e sentía que se co seu sorriso falso dicía “como estás? Canto tempo sen verte” o que en realidade quería expresar era: “por que carallo ves molestar, puta?”. Raúl recibíraa no seu despacho diso chamado “Fundación San Xacobe”, nos mesmos locais da empresa, e que ela, como outra xente, non podía deixar de interpretar como o buraco con moqueta dun lambecús. Tras soltarlle un discurso insoportable sobre a inmensa traxedia vivida pola parroquia e a familia, as obrigas que el afrontaba como o home de honor que era e vinte mil parvadas máis, rematou coa bomba: ocuparía o posto de traballo do seu defunto irmán, xa estaba falado e acordado, así que se esperaba dela a súa mesma dedicación, unha frase feita que ao cabo ela cumpriría á perfección se a comparaban cos últimos tempos daquel desgraciado.

Á metade da xornada do primeiro día comprendera que non estaba feita para aquel choio. Na súa opinión, non esquecera o que eran obrigas ou horarios laborais. Ela apañárase fóra de alí botando unha man no bar de losu nas épocas de maior clientela e facendo recadiños coa marihuana e, moi ocasionalmente, cun pouquiño de coca a outros colegas. Segundo a súa opinión, o verdadeiro problema estribaba pura e simplemente en a empresa era

unha manda de vampiros chupóns da saúde dos traballadores das escalas básicas, non se podía describir doutro xeito. As esixencias de rapidez e produtividade eran propias dun sistema de escravitude e, enriba, estaba rodeada de pailáns que lle afeaban a conduta continuamente e enriba lle viñan con máis esixencias como se fosen xefes paralelos (nunha desas cabrearase tanto que estivera a piques de partirlle a cara a unha limpadora da súa idade con aires da Raíña de Saba). Aquel choio non era o seu, e só podía entender que Carlos fose capaz de aturalo polo parvo que era, o coitado. Definitivamente, pensaba mandar a todos a tomar polo cu, pero recibiu a chamada de Luigi e tivo que trocar os plans.

Aínda sendo compañeiros de falcatruadas e leito, recoñecía nel unha cousa, por outra banda, ben evidente: Luigi distorsionaba gravemente calquera información. O problema era a labia coa que disfrazaba ese inconveniente e que podía imposibilitar distinguir entre unha idea axeitada e unha simple parvada. Así, na súa chamada zumegaba un entusiasmo tan contaxioso que era imposible analizar co necesario sangue frío os diferentes aspectos da súa proposta. Aquel mangante estaba convencido de que as anfetaminas eran a base dos medicamentos para o adelgazamento, así que, tendo en conta que ela traballaba nun sitio que fabricaba ese tipo de remedios, podía buscar o lugar onde as agochasen e coller unhas poucas para facer negocio con elas. Sempre segundo o seu razoamento, tiña que haber un momento no que dito lugar estivese un pouco descoidado, así que bastaría con que ela se fixese a parva e logo entrase e apañase con todo o que puidese levar ese principio activo. Resultaba tan convincente que en menos dun minuto Vanessa estaba igual de entusiasmada coa idea e no minuto seguinte engadía ademais o extra

da inmensa satisfacción que sentiría roubando algo valioso a aqueles explotadores. Acordaron entón que ela localizaría esas substancias maravillosas e, unha vez atopase a oportunidade, collería a cantidade suficiente para uns bos beneficios e, á vez, puidese trasladarse co suficiente disimulo. Ese día Luigi viría recollela no coche dalgún colega e logo só se trataría de colocar a mercancía e dedicarse a vivir como marqueses.

O seu entusiasmo decreceu varios graos ao cabo duns días tras decatarse que aquilo era un laboratorio máis dedicado ao perfeccionamento de determinadas liñas de produtos que á propia fabricación, polo que sería imposible atopar nada que se puidera levar a manchea como esperaba. Como moito, algunha cousiña para montarse unha pequena festa Luigi e mais ela, o que non xustificaba o tempo perdido. En resumo, parecera seguir unha das clásicas parvadas daquel rapaz.

De todos os xeitos, os seus sentidos continuaran moi atentos e froito diso veu o premio esperado e, como tantas veces, nunha afortunada casualidade. Aconteceu un día que lle tocou levar un paquete ao chamado Sector Dous, unha parte dos laboratorios onde só deixaban achegarse até un despacho anterior á localización en si. Alí esperaba sempre un garda de seguridade de aspecto imponente e unha tipa embarazada que, ao contrario que a moitos millóns de mulleres nesa doce espera, a preñez dotara dunha desagradable cara de can parella ao seu mal carácter, que nin saudaba e collía as cousas a poutadas. Ambos deberan degustar nese día un menú similar de alimentos en non moi boas condicións que lles obrigara a continuas saídas precipitadas aos aseos co conseguinte abandono dos seus respectivos postos de traballo, polo que Vanessa puido atopar paso franco varios preciosos metros

naquel corredor até aparecer un daqueles sabichóns de gafas de pasta que recolleu o envío e a mandou de volta ao seu departamento. Ela estivera o suficientemente espelida para distinguir o frigorífico industrial cunha pechadura electrónica de tarxeta e mais código numérico e unha cámara de seguridade enfocándoo directamente. Demasiadas precaucións para manter refrigerado calquera produto, ergo, alí tiña que haber algo importantísimo. A dedución case a fixera saltar de alegría. Seica non estaban falando duns cantos gramiños de anfetamidas senón de quilos, seica toneladas de misteriosas cousas valiosísimas, pero con iso chegou tamén o baixón das conclusións definitivas: non sabía a combinación, nin tiña a tarxeta, e aquilo estaba demasiado vixiado como para pensar nun plan mínimo.

O entusiasmo de Luigi non decreceu un chisco, malia os inconvenientes formulados, pero Vanessa sospeitaba que ese optimismo máis ben viña provocado porque cobrara en especie un recadiño do losu. Estaba convencido de que con paciencia e perseveranza ela podería meterse un chisco naquel chintófono, o suficiente para coller algo do que alí houbera. O das cámaras non tiña por que ser problema. Segundo os seus razoamentos entre os vapores da marihuana, aquel non podía ser o único lente e seguro que no control de seguridade estaban fartos de gravala correndo dun lado ao outro e, por outra banda, por moita seguridade que tivese aquela zona concreta, ningún laboratorio é o Banco de España, conclusión que ela tamén tivo que subscribir de non moi boa gana. El seguía disparado naquel tobogán de entusiasmo: só tiña que esperar o mellor momento para entrar. Non había algún vixilante responsable das cámaras que a coñecera da vila? Vanessa lembrou que precisamente moitos das súas quendas coincidían coas de Pedro, un rapaz da

idade de Carlos, cuxa única relación con ela eran os “ola” e “adeus” rosmados mutuamente á entrada e saída da xornada. Pois tratábase entón de que ela aproveitase un deses días. Aínda que o tal Pedro a vise deambulando polo sector, seguramente por algún mecanismo oculto de confianza nas veciñas, non lle prestaría a mesma atención que a outra de fóra. En canto a “enooooorme vixilancia”, de quen estaba falando?, resumiu el, pois só dun garda de seguridade (“un inútil ou un nugallán que non tivo corpo nin cabeza para entrar na policía”, segundo as súas crueis palabras), unha tía preñada e un chapón que non tería media hostia, e iso era para ela un problema tan grande? Vanessa por uns segundos sentiuse avergoñada de formular tantos inconvenientes, pero mantívose firme. Por moito que el o vise tan fácil, seguía sen saber que facer, ao que recibiu unha resposta que, de puro evidente, lle provocaron ganas de ir canda el e cruzarlle a cara de dúas labazadas por tomala por parva. O “espera a mellor oportunidade un día que teña garda ese mamón de Pedro”, de todos os xeitos, parecía o mellor plan posible.

Debeu recoñecelo: Luigi tiña razón. No xantar dese día tivera unha rifa espantosa cos pais sobre a súa asistencia á misa de cabodano. Só dixera que os cregos e os rezos lle parecían un lorio e debera aturar por elo canta imprecación e ameaza debía ser posible fungar no mundo. En resumo, comprendera que, se quería seguir degustando os pratos tan saborosos da nai non lle quedaba outra que presentarse na igrexa e escoitar algunha que outra oración. De nada valera a súa escusa da obriga da xornada laboral (ela, que bastantes días conseguira liscar do choio quince e trinta minutos antes da hora de saída), pois na casa sabían con certeza que nese día estaría permitido

ausentarse para tal fin. Non lle quedara máis remedio que prometer que se presentaría alí, aínda que fose cos oficios empezados.

Chegou aos laboratorios humillada ante o que consideraba gran ofensa a ela como adulta, pero, ao ver a Pedro fronte os monitores o seu ánimo mellorou un chisco, e un chisco máis de mellora veu ao comprobar como efectivamente esa tarde a xente non estaba tan concentrada no traballo e o tema principal nas conversas era a devandita asistencia á misa de cabodano. Porén, os seus paseos polas proximidades do Sector Dous non facían moito para manter ese ánimo en bos niveis. O chapón, a preñada e o garda seguían nos seus postos e, o que era peor, aquel maldito frigorífico mantíñase pechado. Asegurou con amargura mentres os espreitaba que sería imposible pero, xusto nese mesmo intre, o gafapasta abriu aquela porta hermética e empezou a entrar e saír no que parecía unha comprobación rutineira duns datos entre algo do interior e a súa pantalla do ordenador, e o ánimo de Vanessa volveu ganar enteiros, se ben outra sacudida da evidencia deixouno de novo baixo mínimos. Non habería tempo suficiente para entrar e saír daquel sitio nuns intervalos tan breves, e moito menos a rexistralo e arramplar co que alí houbera de valor. Ía autocompadecerse en condicións da súa mala sorte que a deixaba tirada a escasos metros da meta cando souo un chíó histérico. Polo que parecía, a preñada estaba a piques de abandonar esa categoría como testemuñaba o charco formado baixo a súa cadeira. Ademais, algo debía marchar mal, se atendía a todos os seus espaventos e demandas que obrigaron aos seus compañeiros a poñerse en acción. O gafapasta parecía dubidar da necesidade da súa colaboración, pero ao cabo puido máis o sentido do compañeirismo así que, tras empuxar de calquera xeito o portón, foi correndo xunto á muller e

termou dela polo brazo que non suxeitaba o garda. Vanessa conseguiu agocharse tras unhas caixas mentres os tres saían apresurados e comprendeu entón que seica, quen sabía, podía haber unha pequenísima oportunidade real, pero seguía existindo o problema do frigorífico pechado. Aínda así, tras comprobar que non pasaba ninguén polos corredores, entrou na estancia. Xa que estaba alí, quería revisar o mecanismo daquel ferrollo, pero o que se atopou superaba todas as súas expectativas. O chapón non comprobara o peche da porta e esta, seica ofendida polo despiste, quedara repousando sobre o borde do marco en vez de incrustarse nos seus enganches. Vanessa colleuna con toda a prevención que non amosara nos seus vinte e tres anos de vida, como se aquela mole metálica lle fose queimar, e deulle un tirón sen esperanza ningunha, pero aquel obxecto respondeu obedientemente abríndose nun ángulo coherente coa forza exercida. A ledicia era tan grande que o seu primeiro impulso foi coller o móbil e chamar a Luigi para compartir o momento de alegría, pero axiña lembrou as súas prioridades e, tras outra rápida comprobación dos corredores e da estancia, cruzou cun par de grandes alancadas o cuarto para entrar por fin naquela cámara.

Vanessa non sabía realmente o que podía atopar alí. Imaxinara que o interior daquel frigorífico sería unha sorte de cova do tesouro pero coa organización aséptica dunha gran superficie, coas diversas substancias perfectamente ordenadas en limpos andeis etiquetados cos nomes correspondentes e algún tipo de cestiña a man para a mercadoría aínda que, en definitiva, non tiña unha idea moi clara do sitio polo que debería moverse, pero xa a primeira impresión recibida dinamitaba toda idea previa. Aquel alcatreo tan brutal fíxoa encoller sobre si para dominar con gran dificultade as

náuseas, pero a falta de tempo prohibía eses desmaios, así que se incorporou e revisou o sitio onde entrara.

O frigorífico era enorme, dando o aspecto dun corredor pouco alumeado. Había gato encerrado, aínda que naquel frío de 3,5 graos que marcaba o termómetro non pareceuse moi posible que vivise becho algún, o que lle fixo preguntar pola orixe do olor por canto iso da cadea do frío parecía estar perfectamente respectado. Ademais, agás no fondo no que parecía haber amontoado diverso material, aquela cámara estaba baleira, co que a súa curiosidade se redobrou.

Camiñou lentamente cara a aquel extremo. O que interpretara como pilas desordenadas de material era en realidade unha cama articulada rodeada de monitores médicos e múltiple cableado, sobre a que parecía moverse algo do tamaño dun metro. Aínda que o temor xa estaba facendo acto de presenza, a curiosidade seguía dominando os seus pasos e chantouna xusto a carón daquela instalación. O que se movía parecía deses manequíns a medio desarmar nos escaparates, pero na versión máis espantosa posible. Era unha persoa ou o que quedaba dela, atada mediante fortes correas a aquel leito. O que seica nalgunha ocasión vivira como unha muller compúñase tan só polo que parecía parte do tronco e cabeza na que faltaba a tapa do cranio, deixando ao descuberto un cerebro cuberto por diferentes sensores que mandaban os seus datos aos monitores. Era a orixe do cheiro, recoñecido xa como o da podremia, unha podremia tan incontible sobre aquela pel e órganos que nin o intenso frío podía con ela, ao igual que ese frío parecía non facer ningún efecto naquela cousa. Máis parecía os restos dun esqueleto apenas cuberto por pel, sen brazos e as pernas cortadas á altura dos xeonllos, acabado de sacar de

calquera foxa infame e, con todo, movíase e parecía reaccionar á súa presenza.

Vanessa contivera con dificultade un berro pero, sobre o seu horror, xurdira unha fascinación inverosímil ante a natureza do espectáculo. Estaba segura de coñecer aquela cara, ou o que quedaba dela naquela caveira onde só resaltaban uns dentes e ollos inhumanos. Tiña unha especial habilidade recordando á xente e axiña atopou o nome buscado, para o seu completo, total e absoluto espanto pois estaba segura da identificación, aínda que soubese máis por oídas e algunha que outra foto vista con desgana no cuarto de Carlos. Recuperou entón o espírito pragmático do que adoitaba facer gala. Colleu o seu móbil do peto e comezou a gravar a quen un ano antes era identificada na vila como a noiva do seu irmán. Lembraba que fora das resucitadas e que logo apareceran os seus restos na Cova da Meiga. Aquilo era unha verdadeira novidade e estaba disposta a sacar tallada mediante a venda dunha información tan valiosa, seguramente, moito mellor que as anfetaminas. Como unha boa realizadora, alumeou mellor o escenario valéndose dun foco que había alí e buscou o enfoque máis adecuado. Quen en vida coñecían como Lidia parecía cada vez máis nerviosa, sobre todo ao achegarse quen fora a súa cuñada de facto, pero Vanesa estaba demasiado entusiasmada co seu plan para decatarse desa circunstancia, por iso, non interpretou os seus tiróns como as tentativas de atacala e por iso, ao notar o roce dos seus dentes sobre a man, o primeiro que lle veu á cabeza foi protexer o teléfono para que non caese e se perdese a gran oportunidade que tanto tempo levaban soñando Luigi e mais ela. Porén, o seu escaso sentido común tomou o mando por unha vez para recordarlle o perigo e ela fíxolle caso e liscou de alí.

Un arrebatado de pesimismo pareceu dominala ao notar o aire cálido do exterior. Pensaba que estarían agardándoa todos os policías e gardas civís do país para levala detida pero, no seu lugar, só se atopou coa sala aínda baleira e respirou aliviada. A súa carreira polos corredores veu lembrarlle que todos os seus movementos foran vixiados por cámaras de seguridade e de novo o pesimismo reclamou o seu lugar. Seguramente, en calquera volta estarían esperándoa para levala presa, pero chegou ao vestiario e non se atopou con ninguén con esas intencións. Alí púxose a roupa da rúa e curou a rabuñadura que lle fixeran os dentes daquela cousa no canto da man, se ben non había sangue, e respirou aliviada. Como máis valía previr, aplicouse os antisépticos máis fortes da caixa de urxencias do cuarto de baño e prometeuse a si mesma tomar algún antibiótico e, incluso, poñerse algunha dose de recordo da vacina do tétanos en días posteriores, por se acaso. Centrouse no que de verdade quería facer, como era mandar unha copia da gravación ao móbil de Luigi, co aviso importantísimo de que non a amosase a ninguén e gardase o arquivo nun sitio seguro pois era o material que os faría ricos. Ela agora ía á misa do cabodano, e el debería facer por conseguir un coche e pasar a recollela. O simple “ok” de confirmación da pantalliña demostroulle que estaba co mellor socio posible e, o que era mellor, as cousas estaban sendo moito máis doadas do previsto.

O terceiro e último rapto de pesimismo veu ao cruzar o vestíbulo da entrada. Alí estaban os monitores das cámaras de que seguramente Pedro estaría revisando. Ía estar esperándoa para detela e abortar dunha vez por todas o seu plan, pero Pedro non estaba tras aquel mostrador senón fumando no exterior, e, pola tranquilidade con que se despediu dela e aceptou sen máis

a súa explicación de que marchaba antes para poder chegar á misa, comprendeu que aquel rapaz non debía ter pousado un ollo en ningunha daquelas pantallas en toda a tarde. Cando se decidisen a revisar as gravacións, Luigi e ela estarían xa en calquera sitio da costa.

Subiu até a igrexa a pé, contendo os desexos de berrar a súa felicidade. O seu obxectivo era moi claro. Ao remate da misa, abordaría o imbécil do seu tío e amosarlle o teléfono, e non para que el tomase medidas senón xusto para o contrario. Estaba completamente segura que, como o competente lambecús que era, sería o mellor interlocutor para formularlle a súa chantaxe á empresa. Ademais, ao ser da familia, sabía que quedaba protexida en gran medida. Raúl comprendería inmediatamente que ela non bromeaba e seguro que antes da noite conseguiría algún tipo de compromiso para que non se difundiran aquelas imaxes, ou sexa, un xeneroso desembolso económico polo que entregaría as gravacións (aínda que, ben mirado, seica quedase cunha copia).

A alegría parecera actuar como un bo dopante e antes de quince minutos chegaba ao torreiro. Aquela chaira estaba chea da xente que preferira seguir o cabodano desde fóra, aínda que a habitual falta de previsión fixera esquecer a instalación duns altofalantes para tal eventualidade. Estivo tentada de esperar alí pero acabou por entrar. O templo estaba completamente cheo e non había un oco onde sentar, non xa nas bancadas, senón tamén nas bases das columnas ou mesmo nos reclinatorios. A nai viuna desde as primeiras filas onde estaba sentada e saudouna coa cabeza, o que era unha preocupación menos polo que significaba de garantía de manutención e teito. Tamén

distinguiu a Raúl noutra das bancadas centrais e iso alegrouna aínda máis. Procuraría non perdelo de vista e logo abordalo á saída. Todo marchaba á perfección, de non ser polo inconveniente inesperado de que estaba atopándose moi mal. Seguramente, pensou, sería un deses molestos gripallóns de verán, nada importantes, pero que deixan baldado a quen os sofre. No seu caso, ademais, sumábase o cansazo dos varios quilómetros subidos á carreira desde o laboratorio. Non podería aguantar a misa completa de pé, concluíu, pero o problema era que todos os posibles asentos aparecían ocupados agás un. Sabía que a mirarían mal, pero decidiu tomar posesión do mesmo, sobre todo, porque sabía que se seguía sen un apoio acabaría desmaiándose pois a súa debilidade era maior a cada segundo.

Conseguiu meterse no vello confesionario preto da porta sen chamar moito a atención. Alí dentro tiña un asento non moi cómodo pero que lle permitiría soportar todo aquilo e logo dirixirse a Raúl e amosarlle o vídeo. Correu as cortiñas e aquel caixón quedou nunha comfortable penumbra. Estaba disposta a botar unha soneca e o seu espertador sería precisamente o “podedes ir en paz” do crego, pero axiña comprendeu que tal idea resultaría imposible polo que estaba quedando en evidencia: atopábase fatal. Aquilo non tiña nada que ver cun catarro. Estaba directamente a morrer, ardía co febre e, polo que podía ver, os seus brazos e tronco presentaban un aspecto alarmante, como se as veas e capilares que corrían baixo a súa pel estourasen no interior. Tentou pedir axuda, pero xa no era capaz de articular palabra, e a opción de dar unha patada na portiña para chamar a atención quedaba desbotada no acto pois non tiña forzas sequera para levantar a perna. Todo o seu organismo estaba centrado en introducir aire nos pulmóns e manter o

diapasón do corazón, pero fracasou estrepitosamente en ambas empresas e Vanessa expirou mentres o sacerdote falaba no seu sermón das perdas tan tráxicas sufridas un ano e un día antes e como se revivía a traxedia unha e outra vez nas almas dos superviventes no que parecía a maior proba enviada a aquelas xentes polo Creador e sobre o que reclamaba unha profunda reflexión desde a fe de bos cristiáns. A xente recolleuse máis, seica buscando a explicación tan esquiva, incluso desde autoridades tan grandes como a invocada, quedando a Igrexa nun impresionante silencio.

A portiña do confesionario abriuse desde dentro cun golpe tan forte que retumbou en toda a nave.